



Expediente núm.: 1407/2024

Informe Contratación

Procedemento: Procedemento de Contratación - CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DE ACCESOS A NÚCLEOS EN RUBÍN, LAMAS, OLIVES E CALLOBRE" (PLAN CONCELLOS 2023)

Tipo de Informe: Borrador [] Provisional [] Definitivo []

INFORME CONTRATACIÓN

En relación coa contratación das obras recollidas no proxecto denominado "MELLORA DE ACCESOS A NÚCLEOS EN RUBÍN, LAMAS, OLIVES E CALLOBRE" (PLAN CONCELLOS 2023)", o Técnico que subscribe

INFORMA

PRIMEIRO. O proxecto consiste na mellora de vías de titularidade municipal mediante limpeza de foxos, varrido superficial e formación de novas capas de rodaxe. O orzamento de contrata acada os 101.616,88 € (IVE INCLUÍDO).

SEGUNDO. Procedemento de Contratación:

Aberto simplificado

TERCEIRO. Clasificación:

Non se esixe. En caso de aportala como substitutiva dos criterios de solvencia:

Grupo "G" - Subgrupo "4" - Categoría "1"

CUARTO. Habilitación profesional

Non procede.

QUINTO. División en lotes.

O proxecto consiste na limpeza de foxos, varrido superficial e aplicación de aglomerado en cada unha das vías.

A execución das actuacións anteriormente relacionadas debe ser continua e ordenada, é dicir, existe unha relación de prelación entre elas que require unha perfecta organización e coordinación.

Por outra banda, a execución do proxecto requirirá da utilización de determinados medios auxiliares que estarán presentes dende o inicio da obra (fase limpeza e varrido) ata a finalización da mesma (fase de aglomerado).

A división en lotes do contrato que nos ocupa dificultaría, dende un punto de vista técnico, a correcta execución do mesmo, ó tempo que suporía un risco debido á necesidade de coordinar as diferentes prestacións caracterizadas, no caso que nos ocupa, por unha dependencia de prelación e organización global, e incluso de

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





utilización e compatibilización de medios auxiliares.

O art. 99.b) da Lei de Contratos do Sector Público, recolle como excepción á división en lotes, o motivo exposto.

Segundo o criterio do que subscribe, estaría xustificada a non división en lotes do contrato.

SIXTO. - Prazo de execución

3 meses

SÉPTIMO. - Código CPV

45233222-Traballos de pavimentación e asfaltado.

OITAVO. - Autorizacións sectoriais.

Deputación de Pontevedra- polo entronque da vía de Sequeros coa EP-7006 e polo entronque do vial de Pazos coa EP-7024

É todo canto se informa para coñecemento do órgano de contratación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

